

administrativo para que, si lo desean, se personen en el plazo de nueve días, con arreglo al artículo 68 de la Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

A Coruña, a 29 de marzo de 1993.—El Secretario, ilegible.—Vº Bº el Presidente, ilegible. 3641

\*\*\*\*\*

## XUNTA DE GALICIA

Consellería de Agricultura  
Gandería e Montes

DELEGACION PROVINCIAL

PONTEVEDRA

### EDITO

Solicitando a Sociedade de Caza de Unión Deportiva Ceredo ó Servicio de Medio Ambiente Natural, para que se lle conceda a unificación dos coutos privados de caza denominados Seixo, Pedrouzos, Regafonda, Darriba y Mosquera, do término municipal de Ceredo, polo presente faise público que o expediente está á disposición de todos aqueles que poidan ter interese nel, durante un prazo de quince días hábiles a partir do presente e para que nos oito seguintes días poidan formular as reclamacións que estimen oportunas o efecto.

O que se fai público en virtude do disposto no artigo 17, apartado 4 do Regulamento de Caza de 15 de marzo de 1971, D/506-71.

Pontevedra, a 1 de abril de 1993.—O Delegado Provincial, Gerardo Zugasti Enrique. 3709

## AYUNTAMIENTOS



### RESOLUCION

Declarada a urgente ocupación para os efectos de expropiación forzosa por Decreto 67/93, de 10 marzo de la Xunta de Galicia (DOGA nº 54 de 22-3-1993), no expediente "Casa de Arines e construccions engadidas" tramitado polo Concello de Vigo, esta Alcaldía resolve señalar o día 28 de abril 1993, desde as 12 horas, para o levantamento das actas previas a la ocupación no sitio.

Insértense a presente Resolución no taboleiro da Casa Consistorial, Boletín Oficial Provincia, un xornal da Cidade e dous da capital da Provincia, Boletín Oficial Estado, sin perxucio da notificación os afectados que poderán asistir ó acto acompañados de peritos e notario ás suas exclusivas expensas, podendo aqueles fazer alegacións por escrito dirixido a esta Alcaldía ó só efecto de subsana-los errores de que poderá adoecer a relación de afectados ata o momento mesmo do levantamento das actas previas, aportando tamén o título de propiedade ou dereitos cos recibos da contribución urbana e outros.

### RELACION DE AFECTADOS

Parcela nºm.	Afectado: Nome e apellidos Endereço	Bens e dereitos Descripción
1	José Luis Fraile Ezquerro (Propietario) c/ Estafeta, 6-1º Pamplona	"Casa Arines" composto de tres plantas. 420 m <sup>2</sup> . Sito en Plaza Almeida, 1-2º
2	José Luis Fraile Ezquerro (Propietario)	Edificio de tres corpos de planta baixa. 110 m <sup>2</sup> . 2A ó nº 13 da rúa Méndez Núñez; 2B ó nº 15; 2C ó nº 17 da mesma rúa.

#### Arrendatarios:

Luis Torras Martínez	50 m <sup>2</sup> na parcela 1.
Carretera Prov., 14	
Manuel y Emilio Otero Rodríguez	83 m <sup>2</sup> na parcela 2.
c/ Vía Norte, 43-A Dcha.	
Berta Ares Suárez	12 m <sup>2</sup> na parcela 2.
Pi y Margall, 107-3º	

Vigo, a 30 de marzo de 1993.—O alcalde, Carlos A. González Príncipe. 3658

### A N U N C I O

A Corporación Municipal, en sesión de 26 de febreiro de 1993, acordou aprobar definitivamente o Regulamento do Consello Municipal da Muller, polo cal, realiza a correspondente publicación a efectos do disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local, sendo o seu texto adxunto.

Vigo, a 25 de marzo de 1993.—O Alcalde, Carlos A. González Príncipe

### REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

#### P R E A M B U L O

En cumprimento do artigo 34 e da Disposición Transitoria Segunda do Regulamento de Participación Ciudadana e atendendo ás especificacións da Sección I, artigos 31 a 36 ambos inclusive, sempre en concordanza co disposto no Capítulo IV do Título V da L.B.R.L., a Concellería da Muller propón os colectivos de mulleres, á Comisión Informativa de Organización e Participación e finalmente ó Pleno do Concello de Vigo unha normativa particular para mellorar o seu funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal das cidadás viguesas na que se atende ás características específicas do colectivo social a quem vai dirixido e as particularidades organizativas que lle son propias.

**ARTIGO I.—OBXECTIVOS DO C.M.M.**

- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a muller.
- Promocionar e priorizar iniciativas da Concelleira e outras Institucións derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos á muller.
- Potencia-la coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Vigo.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas Concellerías, á Corporación, ós Consellos Municipais e a cantas institucións incidan co seu quefacer, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Analiza-las actuacións e intervencións que no ámbito da muller se dean na cidade para dar-lles resposta.
- Información, debate e difusión dos temas e dereitos das mulleres.
- Promociona-la presencia e participación das mulleres en tódolos ámbitos.
- Apoyo e fomento do asociacionismo das mulleres para acada-la meirande participación e solidariedade.

**ARTIGO II****Composición:**

- Unha presidenta: Alcalde ou persoa en quien delegue.
- Unha representante de cada Grupo Municipal existente na Corporación.
- Unha representante de cada unha das asociacións de mulleres da nosa cidade que deberán estar inscritas como tales no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Unha representante de cada unha das Secretarías da Muller dos sindicatos con representación na nosa cidade.
- Unha representante do Servicio Galego para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Unha representante da Federación de Asociación de Veciños “Eduardo Chao”.
- Catro representantes das Vocalías da Muller das asociacións veciñais e culturais que sexan membros da Federación de Asociación de Veciños “Eduardo Chao”.
- As Vocalías da Muller que non estean na Federación de Asociacións de Veciños “Eduardo Chao” serán membros do C.M.M. directamente, con carácter transitorio, e mentres que non sexan máis de dúas, momento no que terán que elixir representantes coa mesma proporción que a Federación.

PRESIDENTA .....	01
ASOCIACION DE MULLERES .....	13
VOCALIAS DA MULLER.....	06
SECRETARIAS DA MULLER DOS SINDICATOS ....	05
GRUPOS POLITICOS .....	04
REPRESENTANTE S.G.I.H.M. .....	01
FEDERACION DE AA.VV. “EDUARDO CHAO” ....	01
SECRETARIA .....	01
 TOTAL MEMBRAS .....	 32

**ARTIGO III**

Regulamento de réxime interno:

- Estructura interna.
- Comisións de Traballo:
  - Formación, emprego e relacións laborais.
  - Violencia contra da Muller e imaxe social.
  - Saúde.
  - Atención social e reparto das responsabilidades.
- Cultura e educación.
- Procedemento para o debate.
- Convocatoria ordinaria.
- Convocatoria extraordinaria.

O Consello Municipal da Muller será convocado ó menos unha vez cada dous meses. Poderá convocarse con carácter extraordinario cantas veces o decida a súa presidenta, acorde o Pleno ou así o soliciten formalmente os 3/5 das súas membras.

**ARTIGO IV**

As actas do C.M.M. terán carácter de documento público polo que a Secretaría Xeral do Concello designará unha funcionaria que asista ás sesións e que actúe como fedataria pública.

**ARTIGO V**

A convocatoria das sesións ordinarias deberá realizarse cunha antelación mínima de cinco días sobre a data de realización da xuntanza. A Concelleira da Muller, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, e no lugar destinado ó efecto, porá a disposición das membras do Consello a documentación necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas tarefas.

**ARTIGO VI**

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo de tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal. O Consello extraordinario deberá realizarse nun prazo de vinte días, a contar dende o momento da convocatoria, salvo caso de forza maior.

**ARTIGO VII**

As decisións serán tomadas pola maioria simple das membras do Consello, agás aquelas que por regulamentación esixa algunha aprobación cualificada.

**ARTIGO VIII**

O C.M.M. contará cos seguintes cargos unipessoais de responsabilidade, e que formarán a Mesa do Consello:

- Presidenta
- Vicepresidenta
- Secretaria.

**DA PRESIDENTA****ARTIGO IX**

A Presidenta será a corporativa na que delegue o Alcalde, como dispón o artigo 35 do Regulamento de Participación Cidadá.

Será función da Presidenta:

1. Convocar e presidi-las reunións.
2. Prepara-la orde do día.
3. Ordena-los debates e someter a votación os acordos.
4. Executa-los acordos do Consello.

Velar pola correcta aplicación do Regulamento de Participación e a presente normativa.

**DA VICEPRESIDENTA****ARTIGO X**

A Vicepresidenta será elixida polo pleno do Consello entre as súas membras non corporativas, na primeira sesión logo da constitución do C.M.M.

Para ser elixida Vicepresidenta requírese a maioria absoluta dos votos das Membras do Consello na primeira votación. De non reunir ningunha candidata esa maioria, resultará elixida na votación seguinte a que acade más votos.

Serán as súas funcións:

1. Auxiliar á Presidenta do C.M.M. nos asuntos gue esta require.
2. Supli-las funcións da Presidenta, por delegación desta, ausencia ou enfermidade ou por calquera circunstancia que impida a presencia física da Presidenta na reunión.

**DA SECRETARIA****ARTIGO XI**

Será unha funcionaria pública.

A Secretaría será a responsable de dar fe pública nas actas correspondentes dos asuntos tratados e re-

soluciones adoptadas, así como de facilita-la documentación necesaria ás membras do C.M.M.

En ningún caso terá voto.

**DAS COMISIONS DE TRABALLO****ARTIGO XII**

O C.M.M. decidirá a constitución de comisións de traballo, con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello.

As Comisións de Traballo elaborarán informes, estudios e propostas de actuación na materia da súa competencia.

A Presidenta do Consello nomeará, previa proposta e aprobación do Consello Municipal da Muller por maioria, coordenadora da Comisión e algunha das súas membras, que a súa vez sexa membra do C.M.M.

Serán competencias da coordenadora dar impulso e coordinación ás actividades da Comisión e a de representar á mesma.

Poderán participar nas Comisións de Traballo as cidadás residentes en Vigo que sexan requeridas polo C.M.M., invitadas pola súa presidenta ou que o soliciten formalmente diante do C.M.M., para emitir informe técnico ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ó colectivo que representan.

**ELECCION DAS MEMBRAS****ARTIGO XIII**

As integrantes do Consello Municipal da Muller serán renovadas, áinda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renoven os membros da Corporación, polo tanto, no prazo máximo de tres meses, despois de constituirse o goberno municipal, a Presidenta dirixirse ás institucións e organizacións interesadas para proceder a designar ás novas membras.

**ARTIGO XIV**

*Presidenta:* designación de Alcaldía.

*Vicepresidenta:* elección polo pleno do C.M.M.

Unha representante de cada grupo político municipal.

As representantes de cada asociación serán elixidas polas asociacións que representan.

As representantes das Vocalías da Muller das asociacións dos barrios e parroquias de Vigo que estean federadas serán escollidas en cada Vocalía, e posteriormente escollerán entre elas a representante ou representantes da Federación que coiden precisas. As que non estean federadas serán escollidas directamente pola súa vocalía. Caso de chegar a seren

máis de tres terán que elixir representantes entre elas.

#### ARTIGO XV

- O nomeamento poderá extinguirse por:
- Revocación por parte da entidade á que se representa.
  - Por falecemento ou renuncia expresa da interesada.
  - Pola inasistencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas no prazo de un ano.
  - Por cada membra do Consello poderá designarse unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da titular por ausencia xustificada desta.

#### DISPOSICIONS ADICIONAIS

##### PRIMEIRA

O C.M.M. aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal.

Asemade aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias.

##### SEGUNDA

O propio C.M.M. aprobará en versión definitiva o presente regulamento de Réxime Interno na súa reunión constitutiva.

3660

\* \* \*

#### FORCAREI

##### EDITO

*Bases para a provisión en propiedade de dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, da subescala Auxiliar da Escala de Administración Xeral.*

##### 1º.—OBXECTO

O obxecto desta Convocatoria é a provisión en propiedade de dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, da Subescala Auxiliar da Escala de Administración Xeral, Grupo "D", vacantes no plantel deste Concello; o acceso farase polo sistema de oposición libre. Está dotada coas retribucións legais correspondentes ó seu Grupo e Categoría.

##### 2º.—CONDICIONS OU REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Ser Español.
- b) Ter cumplidos dezaoito anos de idade e non exceder de aquela en que falte menos de dez anos para a xubilación forzosa por idade, determinada pola lexislación básica en materia de Función Pública.

- c) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de Primeiro Grao ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de Instancias.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas

##### 3º.—SOLICITUDES

- a) Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas farano por medio de solicitude dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Forcarei manifestando reuní-los requisitos esixidos na Base 2ª.
- b) Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou da forma que determina o art. 38. 4º da Lei 30/ 1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, no prazo de vinte días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación desta convocatoria no "Boletín Oficial do Estado". Coa solicitude acompañarase unha fotocopia do D.N.I. e o xustificante de te-los dereitos de exame pagados, que foron fixados en dúas mil (2.000) pesetas.

##### 4º.—ADMISION DE ASPIRANTES

O remata-lo prazo de admisión de solicitudes, publicarase no "Boletín Oficial da Provincia" e expoñase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos e excluidos; concedéndose un prazo de quince días para reclamacións, que en caso de habelas serán aceptadas ou rechazadas na resolución que aprobe a lista definitiva, a que se fará pública nos mesmos medios que a provisional.

##### 5º.—TRIBUNAL CALIFICADOR

O Tribunal Calificador estará formado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue.

SECRETARIO: O da Corporación ou Funcionario en quen delegue.

##### VOCAIS:

- Un representante da Xunta de Galicia.
- Dous funcionarios de carreira de nivel igual ou superior ó Grupo D, designados polo Sr. Alcalde ou ás persoas que os substitúan.